



## **INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 228/2008, DO 2 DE OUTUBRO, SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE TRANSPORTE MARÍTIMO DE PERSOAS EN AUGAS INTERIORES DE GALICIA**

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia ”, emite o seguinte,

### **INFORME**

#### **1.- Competencia e marco legal aplicable**

A Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, atribúe a esta Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o transporte marítimo, sempre que se leve a cabo exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

En exercicio desa competencia exclusiva, publicouse a Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público marítimo de viaxeiros na ría de Vigo. Posteriormente, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 9 de marzo de 2006, que declarou a incompatibilidade desta lei co Regulamento (CEE) 3577/92, do 7 de decembro.

Polo que trala citada sentenza, aprobouse a Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.





Esta lei creou o Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo, orientado a garantir os dereitos das persoas consumidoras e usuarias a través da inscrición e publicidade dos servizos de transporte público marítimo que se presten nas augas interiores da comunidade.

Os requisitos e o procedemento para acceder ao dito rexistro reguláronse a través do Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, norma que desde entón vén regulando o funcionamento do rexistro, adscrito á consellería competente en materia de transporte marítimo.

## 2.- Estrutura

O proxecto de modificación do Decreto estruturase do seguinte xeito:

1º) Modifícase o Capítulo II, integrado polos seguintes artigos:

- Artigo segundo, regula a competencia do Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo e o obxecto da inscrición.
- Artigo terceiro. Regula a inscrición inicial de empresas operadoras e servizos e o datos que deben ser inscritos.
- Artigo cuarto. Regula a efectividade da inscrición, a súa subsanación e a modificación de datos.
- Artigo quinto. Regula a modificación e supresión da inscrición de empresas e servizos.
- Artigo sexto. Regula a suspensión da inscrición e o seu levantamento.
- Artigo sétimo. Regula a cancelación da inscrición
- Artigo oitavo. Regula o carácter da inscrición e a súa renovación
- Artigo noveno. Regula o carácter público do rexistro

2º) Derroga a a disposición transitoria única do Decreto 228/2008, do 2 de outubro.

3º) Introdúcense dúas novas disposicións transitorias





- A primeira, regula o réxime aplicable a *tramitación electrónica obrigatoria, mentres non non se dispoña dunha ferramenta tecnolóxica específica, que sera a través de formularios normalizados dispoñibles na Sede Electornica da Xunta de Galicia.*
- A segunda, regula o *rexime transitorio aplicable a empresas e servizos que xa figuren inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.*

4º) Introdúcese unha disposición derradeira, referida á entrada en vigor.

### 3.- Obxecto da disposición

A modificación do decreto ten como finalidade incorporar os principios reitores da normativa de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio segundo a regulación da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, aplicable ao sector do transporte e enfocada a cambiar o concepto de habilitación administrativa por outro que elimine regulacións innecesarias, estableza procedementos máis áxiles e minimize cargas administrativas, tendo en conta que o sector do transporte marítimo está liberalizado en Galicia desde a entrada en vigor da mencionada Lei 2/2008. Deste xeito, regulase un procedemento de inscrición no Rexistro que reduce as cargas administrativas para as entidades interesadas, mediante a presentación de declaracións responsables, o que permitirá cumprir con maior eficacia co obxectivo de protexer os dereitos das persoas consumidoras e usuarias que establece a dita lei.

Por outra banda, pretende adaptarse a tramitación administrativa ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire á tramitación electrónica do procedemento, que regula como obrigatoria, en atención ás especiais características de capacidade técnica e profesional das entidades ás que aquel se dirixe.

### 4- Tramitación

A tramitación deste proxecto de decreto desenvólvese con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector





público autonómico de Galicia e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:

1) O 24 de xullo de 2019 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade acordou o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

2) O Anteproxecto de decreto foi sometido a consulta publica previa entre o 26 de xullo de 2019 e o 10 de agosto de 2019.

3) O 30 de outubro de 2019 o director xeral de Mobilidade asinou as memorias xustificativa e económica do Anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

4) O 7 de novembro de 2019, Subdirección de Rexime Xuridico emitiu informe.

5) O 6 de novembro de 2019, a conselleira aprobou inicialmente o texto do Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

6) O 23 de decembro de 2019 publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia o Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, a través do que presentaron alegacións:

- A Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Puertos de Estado.
- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade
- Concello de Moaña.

7) O 23 de decembro de 2019 o texto foi sometido a tramite de audiencia por un prazo de quince días hábiles. Durante este periodo presentaron alegacións:

- Portos de Galicia.





- Puertos del Estado.

8) O proxecto de decreto foi sometido informe da:

- Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 26 de decembro de 2019.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 21 de xaneiro de 2020.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 26 de marzo de 2020.
- Consello Galego de Transportes na reunión celebrada o 22 de xaneiro de 2020.

9) O 29 de xullo de 2020, o director xeral de Mobilidade emitiu informe sobre a tramitación do procedemento.

10) O 2 de novembro de 2020, o proxecto de decreto foi informado pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

11) O 3 de novembro de 2020, o director xeral de Mobilidade emitiu informe sobre as modificacións introducidas no proxecto de decreto tralo informe da Asesoría Xurídica.

## 5.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao Consello da Xunta para a súa aprobación como Decreto.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

